

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA**

CÉDULA do 23 de maio de 2018 pola que se notifica a resolución do procedemento sancionador e de reposición da legalidade POL/76/2017.

O director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, con data do 13 de abril de 2018, ditou resolución no expediente sancionador e de reposición da legalidade número POL/76/2017, tramitado pola instalación dun establecemento expendedor de comidas e bebidas para servizo da praia, dentro da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, no lugar de Praia de Areas, termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra).

Ao non poder realizarse a notificación persoal da resolución a Adrián Feijoo Rodiño, mediante a presente cédula e ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notifícaselle ao interesado a devandita resolución por medio dun anuncio publicado no *Boletín Oficial del Estado*.

Tendo en conta que, en atención ao previsto no artigo 46 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acto non se publica na súa integridade, fáiselle saber ao interesado que o texto íntegro da resolución que se notifica se encontra ao seu dispor nas dependencias da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, sita no Edificio Witland, 1º andar, Salgueiriños, en Santiago de Compostela, para a súa consulta no prazo de dez (10) días hábiles, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación desta cédula no *Boletín Oficial del Estado*. Transcorrido o devandito prazo, a notificación entenderase producida.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que se producise a notificación, ante o director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, ou ben, se non exerce o seu dereito a presentar recurso de reposición, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da presente notificación ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela ou ante a circunscrición onde o recorrente teña o seu domicilio, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Para que conste e lle sirva de notificación ao destinatario arriba indicado, en cumprimento do disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

José Antonio Cerdeira Pérez
Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

